

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO  
celebrada en Vigo o día 22 de xaneiro de 2022 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez, e o tesoureiro Secundino Ponte García.

Asisten:

ESTAMENTO DE CLUBS:

MOTO CLUB PAPAYA

MOTO CLUB VFM

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ

D. JOSE CANDA RODRIGUEZ

ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:

Dª SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Por protocolo Covid declarase a asemblea pechada.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.

Aprobada por todos os asistentes.

2. MEMORIA ANUAL 2021 – PROXECTO DEPORTIVO 2022

O presidente da a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2021.

*O ano 2021 foi o ano da recuperación. Despois da cancelación da maioría das probas do 2020 pola Covid-19, o 2021 presentabase cheo de incognitas e incertidume.*

*Afortunadamente poidéronse celebrar case o 100% das probas calendadas.*

*Nas páxinas do dossier tedes ao detalle as probas celebradas, licenzas de cada clube, clasificacións xerais etc.*

*Dos Proxectos de Especial Relevancia (PER) asinados coa SXD a través do noso convenio, só se cancelou o Cto. Do Mundo de Trial que tiña que organizar a Peña Motos Valmiñor en Baiona. O resto dos PER, CET Arteixo, CEE Lalin, CEMinivel Forcarei, CMeEuSM Forcarei foron organizados nas datas previstas. Ademais destas organizacións tamén se organizaron dúas probas da CE Mototurismo, ruta Castrexa en Lugo e Volta a Galicia, coas que se asinou un convenio a pesar de ser incluídas no calendario despois de asinado o convenio coa SXD.*

*Coa axuda do motoclube VFM (4) e TMSR (1) conseguiu sacarse adiante o calendario de Minivelocidade con 5 probas disputadas e cunha participación parecida a dos anos anteriores.*

*Tamén se celebraron duas probas da Copa ETG no circuito de As Pontes organizadas por As Pontes MVR. Na próxima tempada voltan a calendadas, e solicitan sexan tamén puentuables para os CG.*

*Despois dun 2020 no que se cancelaran todas as probas do CGT, no 2021 celebráronse probas en Arteixo (2) organizadas por Motomontañismo Arteixo e Carballo (1) organizada por mc Saltamontes. Hai que agradecer ao MMA o gran esforzo que fixo este ano, tirando do carro do trial, aos dous CGT tamén hai que sumar as 3 probas que fixeron da Copa Galega de Trial Infantil. O calendario da CGTI completouse cunha cuarta proba en Carballo organizada por Saltamontes. No 2022, ademais de Arteixo, recuperáronse as probas de Entrimo e Vilagarcía. Entrando unha nova data no calendario na Pobra de Brollón.*

*Co CEE Lalín celebrouse o CG de dous días. Na próxima tempada hai calendadas probas do CGE en Santiago (MNM con CEE), Vilagarcía e Salceda (mc A Peroxa).*

*A entrada das probas sociais de Enduro/Hard Enduro/Cross Country no calendario da FGM, organizadas por mc A Peroxa fixo que se celebraran numerosas probas destas especialidades.*

*Hai que lamentar a ausencia de probas de MX/SX na tempada 2021. Non se produce o relevo organizativo que si se produciu noutras especialidades. No 2022 segue sen haber peticións de motocrós ou supercrós.*

*Tamén tiveron moito éxito as probas organizadas polo mc A Peroxa da modalidade de Adventuring. O mesmo clube presenta un calendario ampliado para a tempada 2022, tanto no número de probas como nos días de duración das mesmas.*

*No total organizaronse 40 eventos entre competicións FIM/RFME, Ctos. Galegos, probas sociais, cursos etc. Un ano que se iniciaba coa incertidume da pandemia acabou sendo un dos mellores dos últimos en canto a cifras de licenzas e probas organizadas.*

*Asinaronse convenios cos clubs organizadores de CG Trial (3), Enduro (2) e Minivelocidade (5) por importe de 1.000€ por proba. Co mc A Peroxa, pola organización de 12 probas sociais asinou un convenio de 300€/proba, cun importe total de 3.600€.*

*A Ruta Castrexa e a Volta a Galicia tamén recibiron axudas da FGM a través dos convenios asinados con AML e CM Vigo por importe de 500€. Os cursos de trial e a proba da CGTI Arteixo contaron cunha axuda de 300€, os tres organizados por MM Arteixo.*

*En todas as probas dos Ctos. Galegos, a FGM fíxose cargo das facturas de cronometraxe. Nas probas do CGMinivel o Comisario Técnico correu a cargo da federación.*

*As licenzas, se tomamos como referencia as tramitadas no 2019 subiron un 232%. A este incremento axudou a entrada pola FGM dos eventos de Enduro e Adventuring organizados polo mc A Peroxa que anteriormente non eran federados. Os clubs tamén se van habituando a calendar xornadas de adestramentos, o que fixo subir moito as licenzas de 1 día para esas xornadas.*

*Quero recoñecer o esforzo e a valentía dos clubs que calendar probas no 2022. Grazas a eles presentamos un calendario de actividades en case todas as especialidades..*

Na páxina 15 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/12/2021. E tamén aparecen os clubs que solicitaron a baixa no 2021, que son AM Clásicas Begantiños e 90 MX School. Relaciona tamén aos que se vai dar de baixa e non se lle vai pasar a cota 2022 por impago de dúas cotas, que son Betanzos, Mx Santamariña, Norte Motor, Enduro Mondoñedo e Quad Club Agolada. Neste punto o secretario lembra o acordo que tomara a asemblea no 2019 de non pasar a cuota a un club que deba dúas cotas e dalo de baixa. Tamén informa de que chegou unha alta o 19/01/2022 de Club Motor Outeiro de Rei.

Na páxina 16 relacionanse as actividades dos clubs en 2021, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 17 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 18 presentase estadística detallada de licenzas de cada clube. Cun incremento notable respecto do ano anterior, basicamente pola entrada de novo da actividade de enduro

Das páxinas 19 á 23 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas, enduro, trial e velocidade. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobáanse as clasificacións dos CG 2021. O secretario informa que os premios vanse entregar na primeira proba de cada campionato, comezando polo trial en Arteixo o día 26 de febreiro. MMA xa deu a súa aprobación e está colaborando para conseguir un auditorio onde realizalo. Debido a alta incidencia do Covid, non se podía celebrar na sede da Casa do Deporte na dada da asemblea como se fai normalmente.

Nas seguintes follas (24/25) aparece a relación de pilotos con títulos nacionais 2021.

### 3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2021.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2021 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2022 na reunión celebrada o 29 de decembro 2021. Detállase por partidas a comparativa do orzamento co realizado.

Explica o secretario que a SXD aprobou unha modificación do convenio pasando os 1,000€ concedidos ao CM de Trial Baiona (suspendida por PM Valmiñor) para o resto de clubs organizadores de PER. Houbo un gran incremento no orzamento, en parte debido a entrada da actividade de Enduro outra vez pola FGM, en parte ao gran incremento de licenzas.

**Orzamento FGM 2021 – COMPARATIVA CO REALIZADO APROBADO POR CD 29/12/2021 para presentar AX 22/01/22**

<b>GASTOS</b>			<b>INGRESOS</b>		
<b>CONCEPTO</b>	<b>REALIZADO</b>	<b>ORZAMENTADO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>REALIZADO</b>	<b>ORZAMENTADO</b>
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>53.720,69 €</b>	<b>51.104,00 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>63.840,46 €</b>	<b>62.344,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	2.541,00 €	Subvencions da SXD a FGM	55.280,00 €	55.280,00 €
Primas de seguros	9.174,70 €	4.500,00 €	Subvencion da SXD a PER	5.100,00 €	5.100,00 €
Comunicacións - Telefonía	784,84 €	1.300,00 €	Subvencions da RFME	3.460,46 €	1.964,00 €
Salarios + IRPF	25.751,72 €	26.000,00 €			
Seguros sociais	10.682,40 €	10.500,00 €			
Prevenición e riscos laborais	281,19 €	250,00 €			
Gastos de Asembleas	0,00 €	150,00 €			
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	266,16 €	600,00 €			
Servizos Bancarios	1.107,08 €	1.000,00 €			
Fotocopiadora		235,00 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>7.320,00 €</b>	<b>6.000,00 €</b>
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €	2.178,00 €			
Material de oficina	735,98 €	100,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>108.958,00 €</b>	<b>55.000,00 €</b>
Outros Gastos Correntes	217,62 €	1.500,00 €			
Outros Profesionais Independ.	0,00 €	250,00 €	<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>31.911,15 €</b>	<b>37.000,00 €</b>
			Dereitos de probas	15.344,00 €	25.000,00 €
			Seguros de probas	16.567,15 €	12.000,00 €
			<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>68.762,50 €</b>	<b>40.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>216.657,11 €</b>	<b>124.600,00 €</b>			
Subv. FGM clubs organizadores	16.036,00 €	17.000,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>7.848,62 €</b>	<b>19.000,00 €</b>
Gastos competicións	7.596,42 €	18.000,00 €	Competicións	2.220,00 €	17.000,00 €
Cronometraxe probas	5.220,07 €	7.000,00 €	Outros Ingresos	478,00 €	2.000,00 €
Subv. FGM/SXD P.E.R.	5.100,00 €	5.100,00 €	Aplicación subv Material Crono	4.245,68 €	
Trofeos e Diplomas CG	292,82 €	3.000,00 €	Exceso provisións	904,94 €	
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	15.418,00 €	31.000,00 €			
Inscripcións	67.841,00 €	39.500,00 €			
Outros gastos competicións (Mx auto)	0,00 €	4.000,00 €			
Cursos formación	950,00 €	0,00 €			
DOTACION AS AMORTIZACIONES	12.137,65 €	5.440,00 €			
LICENZAS FEDERATIVAS	56.701,00 €	37.000,00 €			
COTAS AFILIACIÓN CLUBS	2.030,00 €	1.200,00 €			
Cancelación contas incobrables	6.785,15 €				
Cancelación probas Covid	13.549,00 €				
Provisión seguros acc dep e RC	7.000,00 €				
**indemnización despido	12.000,00 €	12.000,00 €			
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>270.377,80 €</b>	<b>219.344,00 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>288.640,73 €</b>	<b>219.344,00 €</b>

\*\* a título informativo

Levase a votación a aprobación das contas do 2021 cun resultado de 5 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2022, cunha previsión de ingresos e gastos parecidos a tempada que finalizou.

**Orzamento FGM 2022 – Aprobado 29/01/21 por CD para presentar a AX 22/01/22**

<b>GASTOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
<b>CONCEPTO</b>	<b>2022</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>2022</b>
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>58.119,00 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>66.750,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	Subvencions da SXD a FGM	56.250,00 €
Primas de seguros	9.000,00 €	Subvencion da SXD a PER	7.500,00 €
Comunicacions - Telefonía	1.000,00 €	Subencions da RFME	3.000,00 €
Salarios + IRPF	27.000,00 €		
Seguros sociais	11.000,00 €		
Prevencción e riscos laborais	300,00 €		
Gastos de Asembleas	1.000,00 €		
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	600,00 €		
Servizos Bancarios	1.500,00 €		
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>6.500,00 €</b>
Material de oficina	1.000,00 €		
Outros Gastos Correntes	1.000,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>100.369,00 €</b>
Outros Profesionais Independ.	0,00 €		
		<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>37.000,00 €</b>
		Dereitos de probas	20.000,00 €
		Seguros de probas	17.000,00 €
		<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>70.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>146.500,00 €</b>		
Subv. FGM clubs organizadores	20.000,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>3.500,00 €</b>
Gastos competicións	10.000,00 €	Competicions	3.000,00 €
Cronometraxe probas	9.000,00 €	Outros Ingresos	500,00 €
Subv. FGM/SXD P.E.R.	7.500,00 €	Aplicación subv Material Crono	
Trofeos e Diplomas CG	2.000,00 €	Exceso provisións	
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	24.000,00 €		
Inscricions	69.000,00 €		
Outros gastos competicións Autonom.	4.000,00 €		
Cursos formación	1.000,00 €		
<b>DOTACION AS AMORTIZACIONES</b>	<b>12.000,00 €</b>		
<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>65.000,00 €</b>		
<b>COTAS AFILIACIÓN CLUBS</b>	<b>2.500,00 €</b>		
**indemnización despido	12.000,00 €		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>284.119,00 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>284.119,00 €</b>

\*\* a título informativo

Procedese a votación do orzamento 2022 por un montante de 284.119,00 € detallado por partidas, con 5 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Acta asemblea xeral FGM 22/01/2022

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2022, nas que acordou aplicar a subida do seguro, as anuais soben 17 € e as de un día 4 €. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 5 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 30 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea. Quedando os dereitos das probas coas mesmas tarifas do ano pasado.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 31 son as mesmas do ano pasado. Despois de debater os asembleístas, acordase que para o ano se presente un estudo do que están cobrando federacións como Asturias, Castela-León ou Madrid. Para presentar unha comparativa e adecuar o cobro de inscricións dos Campionatos Galegos a media das outras federacións. A cota de clube aprobouse en 121€. As tarifas de inscrición CG 2022 é aprobada por unanimidade.

### **PRESENTASE O REGULAMENTO DE LICENZAS 2022 PARA APROBACIÓN.**

O Secretario informa aos asembleístas que o regulamento de licenzas aprobado o ano pasado en asemblea aínda non foi aprobado pola SXD. Explica aos asistentes que os de algunhas federacións foron devoltos e mandados modificar. Consultado a SXD sobre o estado do noso regulamento contestan que está pendente de revisión. Por iso voltase a meter por asemblea o regulamento de licenzas. O regulamento, o mesmo da asemblea anterior é aprobado por 5 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións. A asemblea aproba que calquera modificación proposta pola SXD unha vez revisado sexa aprobada pola Comisión Delegada. O texto aprobado o mesmo da acta asemblea anterior.

### **PROPOSTAS VARIAS:**

#### **CG VELOCIDADE PROPOSTA MVR.**

Debátase a proposta de As Pontes Martín Vázquez Racing na que pide crear dúas categorías do CGV de SS300, unha infantil ata 16 anos e outra para adultos. O representante de VFM di que esas categorías xa existen no seu trofeo y que de ser CG terían que sacar unha licenza que custa 409 €, agora estase a facer como Social. E pide que non se modifique o que funciona. Di que para a categoría infantil non hai mais de 3 ou 4 motos adestrando, e que eles so teñen un piloto que informou que competiría. A asemblea acorda que se MVR quere convocar a categoría na súa proba para ver cantos pilotos menores de 16 se inscriben pode facelo xa que organiza primeira do CG. En canto a categoría de adultos concordan que facerlle sacar unha licenza que custa o dobre non vai funcionar e desestiman que as categorías sexan de Campionato Galego.

En canto a proposta da Copa Ohvale 110, a asemblea aproba darlle diploma e trofeo aos tres primeiros clasificados con licenza galega que disputen a Copa coa seguinte denominación: “Copa Ohvale 110 Galicia”

### **CALENDARIOS 2022**

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2022. O secretario informa que mc A Peroxa quedou de enviar unha proposta para facer probas de Enduro Infantil o sábado anterior nun formato parecido ao que se está facendo no trial. A asemblea insta ao secretario a que pase por Comisión Delegada a aprobación do regulamento desa Copa Infantil de Enduro (CGEI), tomando como referencia o regulamento da Copa de España, adaptando as nosas necesidades. Tamén piden ao secretario contactar co mc A Peroxa

